


## Anexo 7.- Estados fenolólicos

A vide pasa por un período de repouso invernal que vai dende que caen as follas no mes de novembro, ata marzo ou abril que comeza o agromado, durante es período a vide non presenta actividade vexetativa aparente. Co desborre comeza o ciclo vexetativo, cun primeiro período de crecemento, que comprende dende o desborre ata a pinta, despois durante a pinta prodúcese unha parada do crecemento, momento a partir do cal comeza o agostamento das vides e desenrolase a maduración, ca caída da folla remata o ciclo vexetativo da vide e comeza o repouso invernal.




**ESTADOS FENOLÓXICOS DA VIDE**



**Xema de Inverno (Estado A)**

Tamén se denomina xemas durmidas, é o período de repouso invernal da vide, posterior a caída da folla, e a vide non presenta actividade vexetativa aparente.



**Choro (Estado B)**

É a primeira manifestación externa da actividade da planta, prodúcese a saída da saíba bruta a través das feridas de poda como consecuencia do comezo da actividade radicular



### **Xema inchada (estado B2)**

As xemas comezan a encherse e as escamas endurecidas exteriores sepáranse, deixando ver a superficie pilosa que se denomina borra.



### **Punta Verde (Estado C)**

A medida que vai aumentando a temperatura prodúcese a apertura da xema, aparecendo o primeiro brote verde claramente visible. Entre este estado fenolóxico e o anterior é o que se considera para sinalar o comezo do agromado.



### **Follas Incipientes (Estado D)**

Aparece a primeira folla aberta nacida do brote, que na súa base está inda protexida pola borra.



### **Follas Estendidas (Estado E)**

Os ápices das follas visibles medran e esténdense. As dúas ou tres primeiras follas aparecen totalmente abertas e empezan a apreciarse as diferentes características varietais.



**Acios á vista (Estado F)**

Empezan a verse as inflorescencias rudimentarias nas extremidades do brote.



**Acios separados (Estado G)**

As inflorescencias alárganse e preséntanse afastadas e espazadas ó longo do brote. Os órganos florais inda permanecen aglomerados.



**Botóns florais separados (Estado H)**

Esta é a fase de aparición da forma típica das inflorescencias. Os acios florais están totalmente desenrolados.



**Floración ou esfarna (Estado I)**

A caliptra afastase da base do ovario e cae, deixando ó descuberto os órganos da flor.



### **Purga ou callado (Estado J)**

Prodúcese a caída dos estames mirrados, e un engrosamento dos ovarios fecundados que constituirán o gran de uva ou bago.



### **Gran de ervella (Estado K)**

O aporte de nutrientes favorece o aumento do tamaño dos bagos ata que acadan un tamaño semellante o dun guísante.



### **Inicio da pinta (Estado M1)**

Hai unha parada temporal do crecemento con perda progresiva da clorofila. Simultaneamente van aparecendo os pigmentos responsables da coloración característica de cada variedade. Nas variedades tintas é moito máis sinxelo de apreciar o cambio de cor, xa que se poñen rosáceas, nas variedades brancas van tornándose de cor amarelo.



### **Plena pinta (Estado M2)**

O bago da uva adquire un aspecto translúcido, unha consistencia branda e elástica e recóbrese dunha capa de pruína. As sementes da uva alcanzan a maduración fisiolóxica.



### **Maduración (Estado N)**

Nesta etapa prodúcese unha rápida acumulación de azucres, unha perda de acidez moi acusada, engrosamento rápido dos vago e aparecen os aromas característicos de cada variedade.



### **Caída da folla (O)**

AS plantas tiran a folla e prepáranse para o repouso invernal.